

Manuel Pazos, Pazos de Merexo, Mestre da Memoria 2018

Os galardóns serán entregados este próximo sábado
en Lugo: como Mestra, Luz Fandiño



XESÚS BÚA

CARBALLO / LA VOZ 24/05/2018 05:00 H

A Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) propuxo a Manuel Pazos, Pazos de Merexo (1926), para ser recoñecido como Mestre da Memoria 2018. Como Mestra, Luz Fandiño (Compostela, 1931), activista e escritora que, casualmente, visitou Baio hai tan só uns días. A proposta, unha vez sometida a consideración da Asamblea Xeral, saíu adiante, polo que ambos recibirán os seus galardóns nun acto previsto para este próximo sábado, ás 18.00 horas, no centro cultural Cárcere Vello de Lugo. Pazos de Merexo é o último gran músico do acordeón diatónico da Costa da Morte, mestre tamén da memoria de palilladas, bailes e pandeiretadas deste recuncho atlántico dende inicios do século XX. Protagonista, ademais, dun libro-disco.